



## **ACTA PENDENTE DE APROBACIÓN**

### **XUNTA DIRECTIVA 2016 / 2017**

Presidenta: Amaya García Sánchez

Vicepresidenta: Marta Castro López

Secretaria: Guadalupe Lema Senande

Tesoureiro: Francisco Torrado Ares

Vogais: Ramón Bouzas Tobío, Antía Zapata Calviño, Carmen Crespo Vázquez, Verónica Sánchez Fraga, Alejandro Calvo López, Juan Piñeirua Faraudo, Joaquina Cordero Pérez, Carlos Raña de Blas.

**Extracto da sesión celebrada en asemblea ordinaria da Anpa Brigantium do CEIP Francisco Vales Villamarin o día 14 de outubro de 2016**

Comeza a asemblea en segunda convocatoria ás 20.30 con 17 nais / pais presentes, ademais das seguintes persoas da xunta directiva: Francisco Torrado, Antía Zapata, Marta Castro, Amaya García, Ramón Bouzas, Alejandro Calvo, Verónica Sánchez e Lupe Lema.

**Según a orde do día os temas a tratar son:**

#### **1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR SE PROCEDE**

Sométese a aprobación a acta da asemblea ordinaria celebrada o día 16 de outubro do 2015 exposta con anterioridade no taboleiro de anuncios que a Anpa posúe na porta principal do colexio e no blog da asociación. Os socios es socias desta Anpa así como o resto de nais e pais do colexio foron informados da exposición deste borrador. Apróbbase a acta por unanimidade e sen comentario algún por parte dos/as asistentes presentes no momento da votación.

#### **2- APROBACIÓN DE CONTAS SE PROCEDE**

Explicación por parte do tesoureiro do estado das contas e aprobación por unanimidade.



## ACTA PENDENTE DE APROBACIÓN

### 3- AXENDAS ESCOLARES

Infórmase do reparto a cargo da Anpa das axendas escolares a todo o alumnado de 3º,4º,5º e 6º de Primaria, sexan ou non sexan socios/as da Anpa . Explicamos a importancia desta ferramenta como canle de comunicación entre as familias e o profesorado.

### 4- INFORMACIÓN SOBRE O CURSO 2016 / 2017

#### Organización do alumnado:

Infórmase do número de alumnos/as por curso e aulas facendo un total de 1000, repartíndose do seguinte xeito:

Educación Infantil: 4º 90 / 5º 87 / 6º 110. Total 287

Educación Primaria: 1º 118 / 2º 116 / 3º 121 / 4º 123 / 5º 120 / 6º 115.Total 713

#### Catálogo de profesorado:

Exponse o listado de mestres e mestras por materia, con praza definitiva e provisional, aumenta un mestre en educación física por catálogo consolidado.

#### Organización dos espazos:

O Vales Villamarín consta de 3 edificios:

Edificio A: Edificio principal

Edificio B: Onde se ubica o alumnado de primeiro de Primaria (antigo edificio de infantil )

Edificio de Infantil: Aulario

#### Días non lectivos:

Infórmase que o Consello Escolar aprobou como días non lectivos o 9 de decembro do 2016 e o 2 de maio de 2017

#### Contidos de interese da programación xeral anual e tarefas escolares:

#### Obxectivos pedagóxicos

De capacidades xerais:



## **ACTA PENDENTE DE APROBACIÓN**

Educar o alumnado para que sexa capaz de valorar, respectar e integrarse na realidade sociocultural e no medio natural no que vive.

Lograr que ao rematar a E.P podan empregar as dúas linguas: castelán e galego.

Axudar o alumnado a realizarse intelectualmente.

Desenvolver as capacidades de reflexión, espírito crítico, iniciativa e creatividade.

Inculcar os valores de tolerancia e solidariedade.

Xerar os hábitos necesarios para conseguir unha boa saúde.

### **De metodoloxía:**

Fomentar a coordinación entre o profesorado para unificar criterios.

Acomodar as extratexias de aprendizaxe, respectando os ritmos de maduración de cada alumno/a.

Practicar unha metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de aprendizaxe.

Potenciar a acción titorial a través dun plan específico.

Favorecer a formación permanente do profesorado.

### **Pautas sobre o uso das tarefas escolares:**

As tarefas escolares deberán cumprir, entre outras, as seguintes pautas:

Que poidan ser realizadas polo alumnado autonomamente.

Que non supoñan un tempo de adicación excesivo.

Que sexan o máis motivadoras posibles.

### **5- RENOVACIÓN PARCIAL DO CONSELLO ESCOLAR**

O proceso comeza o 24 de outubro, o colexio enviará información ás familias. Eplicamos que non e preciso ser da directiva da Anpa para formar parte do Consello Escolar.

Composición actual:

Presidente-Director: Alejandro Sánchez Amado.



## **ACTA PENDENTE DE APROBACIÓN**

Xefa de Estudos: M<sup>a</sup> Luisa Martínez Duarte.

Secretaria: M<sup>a</sup> del Mar Toral Garrido.

Representantes profesorado: Jesús Bao Rama, M<sup>a</sup> Josefa Casas Pérez, M<sup>a</sup> Begoña Fernández López, Antonia Otero Rey, Carmen Sánchez Pedreira.

Representantes dos pais e nais de alumnado: Ramón Bouzas Tobío, Amaya García Sánchez, M<sup>a</sup> Lucía Fontenla Dopico, Francisco Torrado Ares, Marta Castro López (representante da Anpa ).

Representante do persoal de administración e servizos: Norma Campos Manivesa.

Representante do Concello de Betanzos: María Barral Varela.

### **6- CAMBIO DA CUBERTA DO EDIFICIO PRINCIPAL**

Os técnicos da Consellería aseguran que a obra rematará antes de final de ano.

### **7- SITUACIÓN AULARIO INFANTIL**

Xa en funcionamento dende o curso 2014/2015, obra non inaugurada.

Problema: A Consellería decide que sexa un aulario do Vales, non un colexio independente. Pensamos que esta decisión xa e irreversible.

Pendente: Liña telefonía fixa e ADSL, completar o parque infantil, insistir na construción dun patio cuberto.

Feito: Quitar os bancos de pedra polo perigo que representan, rematar as esquinas da carpintería de aluminio, reparar a caldeira.

### **8- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2016/2017 E RESTO DA PROGRAMACIÓN**

Reinvicamos a xestión pública das actividades estrescolares e por ese motivo presentamos unha moción cidadá nun pleno, onde foi aprobada por unanimidade.

As actividades extraescolares serán xestionadas pola empresa Oxígeno Gestión, como así se acordou en Asemblea Extraordinaria celebrada o día 17 de xuño do 2016. Temos contrato asinado para o curso 2016 / 2017.

### **Cambios introducidos:**

As activiades comezarán ás 16.00 horas e rematarán as 18.00 horas (antes remataban ás 20.00 horas).



## **ACTA PENDENTE DE APROBACIÓN**

Dirixidas únicamente ao alumnado do centro (antes admitíase alumnado doutros coles e dos IES As Mariñas e IES Francisco Aguiar).

Oferta de actividades no aulario.

Custe das actividades: 100€ anuais por actividade para as familias socias, 125€ anuais para familias NON socias.

### **VI Xornadas sobre Atención á Diversidade**

Estas xornadas están dirixidas a profesorado e familia, a data está sen determinar.

O obxectivo destas Xornadas é sensibilizar sobre a necesidade dun cambio de metodoloxía e que os mestres e mestras se impliquen en todo o proceso de aprendizaxe do alumnado.

### **9- PROXECTO PARA A CREACIÓN DUNHA WEB DA ANPA**

Neste curso queremos poñer en marcha unha páxina web da Anpa, coa idea de que sexa o noso modo de comunicación coas familias, todos os contidos xa están definidos e pensamos que a volta do Nadal xa pode estar operativa.

### **10- COMO FACERSE SOCIO/A**

Formulario: Folla de inscrición dispoñible na secretaría do colexio e no noso blog, a partir do 1 de xuño. As persoas que xa foron socias en anos anteriores tamén deben cubrir o formulario e entregalo co xustificante de pago.

Prazo: dende o 1 de xuño ao 16 de novembro de 2016.

Pago: Na conta que a Anpa ten en Abanca e que figura en folla de inscrición.

Cota: 10€ por familia e ano.

Vantaxes económicas: Descontos nas actividades extraescolares e tamén en establecementos de ACEBE.

### **11- REORGANIZACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA**

Neste ano causan baixa as seguintes persoas: Francisco Torrado Ares, Joaquina Cordero Pérez e Carlos Raña de Blas.

### **FORA DA ORDE DO DÍA**

Temas a retomar: Ir andando ao cole



## ACTA PENDENTE DE APROBACIÓN

Infórmase de que hai tempo que pensamos na posibilidade de facer unhas rutas seguras para que os nenos e nenas poidan ir andando ao colexio. Para iso teríamos que contar coa axuda de voluntariado, protección civil, etc. Dende o concello xa fixeron un proxecto que imos estudar para ver si se pode levar a cabo.

### NIN REVÁLIDAS, NIN LOMCE

Dende a ANPA sumámonos ás reivindicacións que fai a Plataforma en Defensa do Ensino Público en contra da LOMCE e as reválidas e pedimos que as familias nos apoiem nestas protestas.

### SUXESTIÓNS E PREGUNTAS

Unha nai apunta que deberíamos informar dos puntos confitivos que pode haber nas rutas pensadas para que os nen@s poidan ir andando ao cole.

Unha nai pregunta si coñecemos algunha persoa ou empresa que poida recoller ao seu fillo no aulario os venres.

Sin máis suxestións nin preguntas remata a sesión ás 22:05 horas.